



O complexo industrial de Repsol patrocina o 27º Campionato de España do Autocross de Arteixo

- O evento deportivo disputarase os días 4, 5 e 6 de agosto no circuíto José Ramón Losada.
- Este ano son 134 os pilotos rexistrados na proba que a refinería de Repsol apoia desde o 2012.

O complexo industrial de Repsol patrocina por décimo ano a proba do Campionato de España do Autocross (CEAX) de Arteixo, un evento deportivo referente no mundo do automobilismo nacional que se disputará os días **4, 5 e 6 de agosto** no **circuíto José Ramón Losada**.

Esta mañá celebrouse no Concello de Arteixo a presentación da XXVII edición que contou coa presenza do alcalde de Arteixo, **Carlos Calvelo**, a concelleira de Deportes, **Purificación Zas**, o presidente da Pena Autocross de Arteixo, **David Arcay**, e o director de Produción do complexo industrial de Repsol, **Marcos Diéguez**.

Á presentación tamén asistiron algúns dos pilotos que competirán no trazado arteixán: **Roberto Blach**, **Laura Lista**, **Antón Muiños**, **Sergio Bello** e **Yoanna Llorente**, trasladaron aos asistentes as súas emocións e ganas por competir na proba deportiva da fin de semana.

Pola súa banda, o director de Produción do complexo industrial de Repsol quixo destacar durante o seu intervención o extraordinario labor que realiza o equipo humano que conforma o Autocross de Arteixo que, desde a súa creación en 1982, consegue atraer ata o circuíto José Ramón Losada a **5.000 afeccionados do motor**.

Máis de 130 participantes

Este ano o evento deportivo conta con **134 pilotos rexistrados** nas seis categorías da **proba que Repsol apoia desde o 2012** dentro do seu compromiso coa súa contorna máis próxima e o mundo de motor.

Así figuran inicialmente **17 pilotos en División 1** (a de turismos de tracción total e prototipos), **24 en División 2** (turismos de tracción dianteira ata 2.000 c.c), e **12 en División Buggy**, categoría destinada aos monoprazas de gran cilindrada e tracción total.

En **Car Cross** chegouse aos **42 pilotos** rexistrados e a categoría **Car Cross Series** contará con **24**. Para finalizar, en **Júnior Car Cross** participarán un total de **15 novos pilotos** con idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos.